



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



Sada, 5 de decembro de 2017

Estimados pais e nais;

Un ano máis, dende a Concellería de Cultura e Praias programamos a **Cabalgata de Reis de 2018** como punto final das celebracións de Nadal.

Somos conscientes de que este **é un dos días máis importantes do ano para as rapazas e os rapaces** e queremos seguir mantendo viva a súa ilusión durante todo o tempo que sexa posible. Por isto escollemos unha posta en escena que esperamos que sexa do agrado de toda a poboación e introducimos uns pequenos cambios.

**Este ano é moi posible**, se o tempo acompaña, **que as Súas Maxestades os Reis Magos de Oriente fagan a súa chegada a Sada en barco**, polo que a comitiva real partirá dende a Lonxa e fará unha parada no Porto Deportivo para recoller aos Magos.

Posteriormente **realizarase o tradicional recorrido polas rúas de Sada**, tratando de chegar a un maior número de localizacións **e rematando cunha Festa de Reis no Pavillón Municipal**.

**Para acompañar a Melchor, Gaspar e Baltasar na comitiva Real**, as persoas interesadas deberán ter **entre 6 e 30 anos** a día 5 de xaneiro de 2018, e realizar a **inscrición** dalgún dos seguintes xeitos:

- 1.- Cubrir o formulario directamente a través do enlace: <https://i.gal/t0Tvi>.
- 2.- **Vía correo electrónico**, enviando a inscrición debidamente cuberta a [sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal). A inscrición pódese descargar en : [www.concellodesada.com/ga/concello/cultura-e-praias](http://www.concellodesada.com/ga/concello/cultura-e-praias).
- 3.- **De xeito presencial na OMIX**, en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00.

O **prazo de inscricións** ábrese mañá día 6 de decembro ás 9:00 e **remata o venres 15 de decembro ás 23:59**.

Poderedes consultar as **bases para participar** na seguinte dirección: [www.concellodesada.com/ga/concello/cultura-e-praias](http://www.concellodesada.com/ga/concello/cultura-e-praias). As **80 prazas dispoñibles** cubriranse por **orde de idade de menor a maior** dos solicitantes empadroados en Sada e haberá **8 "Paxes Reais"** que serán elixidos entre os máis maiores. Este ano, ao igual que o anterior, contéplase un **espazo nas carrozas para acomodar cadeiras de rodas**.

Só me queda desexarvos unhas Felices Festas en familia e unha estupenda entrada de ano.

Boas Festas.

María Pardo Fafián  
Concelleira de Cultura e Praias